Guía para o deseño dos Sistemas de Garantía de Calidade	Manual SGC, D01-P01, D01-P02, D02-P01, D03-P01, D03-P02, D03-P03, D03-P04, D03-P05, D03-P06, D04-P01, D04-P02, D04-P03, D05-P01
Guía para a certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade	Manual SGC, D01-P01, D01-P02, D02-P01, D03-P01, D03-P02, D03-P03, D03-P04, D03-P05, D03-P06, D04-P01, D04-P02, D04-P03, D05-P01
Guía para a avaliación previa á verificación dos programas de doutoramento	D02-P01
Guía para o seguimento e a acreditación dos títulos oficiais de doutoramento	Manual SGC, D01-P01, D01-P02, D02-P01, D03-P01, D03-P02, D03-P03, D03-P04, D03-P05, D03-P06, D04-P01, D04-P02, D04-P03, D05-P01
Procedemento para a solicitude de Modificacións nos programas de doutoramento	D02-P01
ÁMBITO UDC/EIDUDC	
Estatutos da Universidade da Coruña. Versión reformada (Decreto 101/2004, do 13 de maio e Decreto 194/2007 do 11 de outubro)	Manual SGC, D01-P01, D01-P02, D02-P01, D03-P01, D03-P02, D03-P03, D03-P04, D03-P05, D03-P06, D04-P01, D04-P02, D04-P03, D05-P01
Plan estratéxico da UDC 2022-2026	D01-P01, D01-P02
Regulamento de Estudos de Doutoramento (CG do 17/07/2012, última modificación 22/04/2020)	Manual SGC, D01-P01, D01-P02, D02-P01, D03-P01, D03-P02, D03-P03, D03-P04, D03-P05, D03-P06, D04-P01, D04-P02, D04-P03, D05-P01
Regulamento da EIDUDC (CG do 22/12/2012, última modificación 27/02/2020)	Manual SGC, D01-P01, D01-P02, D02-P01, D03-P01, D03-P02, D03-P03, D03-P04, D03-P05, D03-P06, D04-P01, D04-P02, D04-P03, D05-P01

Código de boas prácticas (CD do 17/07/2013)	D03-P01, D03-P02, D03-P03, D03-P04, D03-P05, D03-P06, D05-P01
Procedemento de autorización do depósito da tese de doutoramento (CD do 25/11/2014)	D03-P02
Procedemento para teses suxeitas a protección de datos (CD do 25/11/2014)	D03-P02
Procedemento de declaración de equivalencia de títulos estranxeiros de educación superior ao nivel académico de doutor (Resolución Reitoral do 07/10/2015)	D03-P01, D03-P02
Procedemento para a emisión e o recuento do voto secreto para a concesión da mención cum laude e para a valoración da tese para optar ao premio extraordinario de doutoramento (CP do 26/11/2021).	D03-P02
Requisitos de acceso (Comisión de Doutoramento do 17/09/2012)	D03-P01
Adaptación de estudantes de programas de doutoramento en extinción a programas regulados polo Real Decreto 99/2011 (Resolución Reitoral do 07/07/2015)	D03-P01, D03-P02
Orde de suplencia nos tribunais de tese (CP do 24/07/2015)	D03-P02
Recomendacións para o acto de defensa da tese de doutoramento (CP do 26/05/2016)	D03-P02
Resolución Reitoral do 09-06-2023 pola que se modifica a resolución reitoral (aprobada en Consello de Goberno do 03-11-2022) relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real Decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto.	D03-P05
Recomendacións para a presentación das teses de doutoramento	D03-P02
Calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento (aprobado por CG antes do inicio de cada curso académico)	D03-P01, D03-P02
Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento (aprobado por CG antes do inicio de cada curso académico)	D03-P01, D03-P02
Calendario de novas propostas ou modificacións dos POD (aprobado por CG cada curso académico)	D02-P01
Procedemento e calendario para a tramitación de modificacións non substanciais dos programa oficiais de doutoramento	D02-P01
Calendario académico de doutoramento e prórroga de continuación, de ser o caso (aprobado por CG cada curso académico)	D03-P01, D03-P02, D03-P05
Axudas para estadias predoutorais INDITEX-UDC (convocatoria anual, aprobada polo/a reitor/a)	D03-P04

2. PROCESOS DE CALIDADE

D01-P01. Política e obxectivos de calidade

	ÓRGANO	DATA
ELABORADO	Unidade Técnica de Calidade	26/04/2018
CONTEXTUALIZADO	Comisión Permanente da EIDUDC	04/05/2018
REVISADO	Unidade Técnica de Calidade	08/05/2018
APROBADO	Comité de Dirección da EIDUDC	10/05/2018

RESUMO DE REVISIÓNS		
EDICIÓN	DATA	MODIFICACIÓNS
01	10/05/2018	Edición inicial aprobada polo Comité de Dirección da EIDUDC.
02	16/11/2018	Modificacións realizadas en contestación ao primeiro informe da ACSUG do 15/10/2018.
03	31/07/2020	Modificacións realizadas en contestación ao segundo informe da ACSUG do 11/03/2019.
04	15/12/2023	Modificacións realizadas en contestación ao informe final de avaliación do deseño do SGC da ACSUG do 15/12/2020.

DENOMINACIÓN	D01-P01. POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE
OBXECTO	Establecer a sistemática para definir, despregar, revisar e manter actualizada a política e os obxectivos estratéxicos de calidade e os obxectivos específicos.
DEFINICIÓNS	<u>Política de calidade</u>: intencións globais e obxectivos da EIDUDC relativos á calidade. <u>Obxectivos de calidade</u>: – <i>Obxectivos estratéxicos de calidade</i>: son metas, retos que se definen a partir da planificación estratéxica da UDC e da política de calidade da EIDUDC. – <i>Obxectivos específicos anuais</i>: son metas, retos que se definen para cada obxectivo estratéxico de calidade e que se revisan anualmente. Deben ser alcanzables e medibles e, para iso, deben concretarse indicadores do seu grao de consecución.
RESPONSABLES	Equipo Directivo da EIDUDC (ED) Comisión Permanente da EIDUDC (CP) Comité de Dirección da EIDUDC (CD)
DOCUMENTACIÓN	Ver Anexo VI do Manual

DESENVOLVEMENTO

Cada vez que se produce unha renovación do ED, este elabora unha nova proposta de política e obxectivos estratéxicos de calidade, en consonancia co Plan Estratéxico da UDC en vigor. Unha vez elaborada, remite a proposta ao CD para a súa aprobación.

A política e os obxectivos estratéxicos de calidade están actualizados e publicados (<https://www.udc.es/es/eid/calidade/>), tal como establece o *D05-P01. Información pública*. Para iso, o ED revísalos cando xorden cambios importantes na política universitaria que afectan á EIDUDC ou cando se aproba un novo Plan Estratéxico da UDC. Cando están revisados, o ED remíteo ao CD para a súa aprobación.

Aprobada dita proposta, o ED elabora os obxectivos específicos anuais de cada obxectivo estratéxico de calidade e, para cada un deles, determina os indicadores de consecución e os resultados que se pretenden acadar. Esta proposta é remitida á CP para a súa revisión e aprobación, de proceder.

Anualmente, a CP revisa e analiza a consecución dos obxectivos específicos anuais. Para iso, valora o grao de cumprimento destes obxectivos e, cando non se compren segundo o previsto, establece as accións de mellora correspondentes.

EVIDENCIAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
D01-P01-E01. Actas	CD CP	Cada vez que se reúne	Aplicación informática
D01-P01-E02. Política e obxectivos estratéxicos de calidade	ED CD	Cando xurdan cambios importantes	Web EIDUDC Aplicación informática
D01-P01-E03. Obxectivos específicos anuais	ED CP	Anualmente	Aplicación informática
D01-P01-E04. Accións de mellora	CP	Cada vez que se abre/revisa unha acción de mellora	Aplicación informática
INDICADORES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
D01-P01-I01. Porcentaxe de obxectivos específicos anuais alcanzados	CP	Anualmente	Aplicación informática

D01-P02. Xestión do SGC

	ÓRGANO	DATA
ELABORADO	Unidade Técnica de Calidade	26/04/2018
CONTEXTUALIZADO	Comisión Permanente da EIDUDC	04/05/2018
REVISADO	Unidade Técnica de Calidade	08/05/2018
APROBADO	Comité de Dirección da EIDUDC	10/05/2018

RESUMO DE REVISIÓNS		
EDICIÓN	DATA	MODIFICACIÓNS
01	10/05/2018	Edición inicial aprobada polo Comité de Dirección da EIDUDC.
02	16/11/2018	Modificacións realizadas en contestación ao primeiro informe da ACSUG do 15/10/2018.
03	31/07/2020	Modificacións realizadas en contestación ao segundo informe da ACSUG do 11/03/2019.
04	15/12/2023	Modificacións realizadas: – contestación ao informe final de avaliación do deseño do SGC da ACSUG do 15/12/2020. – adaptación á normativa vixente (Real Decreto 576/2023, Real Decreto 822/2021, Real Decreto 640/2021, Resolución do 3 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral de Universidades).

DENOMINACIÓN D01-P02. XESTIÓN DO SGC	
OBXECTO	Establecer a sistemática para definir, implantar, revisar, mellorar e manter actualizado o SGC.
DEFINIÇÕES	<u>Contextualizar</u>: adaptar a documentación marco do SGC á EIDUDC. <u>Auditoría interna</u>: revisión documental e/ou visita á EIDUDC dun equipo auditor. <u>Informe anual de resultados da EIDUDC</u>: informe anual de análise e mellora do SGC. <u>Plan anual de melloras da EIDUDC</u>: conxunto das accións de mellora elaboradas en cada proceso, anualmente.
RESPONSABLES	Vicerreitoría con Competencias en Materia de Títulos (VCMT) Comité de Dirección da EIDUDC (CD) Comisión Permanente da EIDUDC (CP) Equipo Directivo da EIDUDC (ED) Unidade Técnica de Calidade (UTC) Equipo de Auditoría (EA)
DOCUMENTACIÓN	Ver anexo VI do Manual
DESENVOLVEMENTO	Definir A UTC elabora o documento marco do SGC e remíteo ao ED para que a CP o contextualice. Posteriormente, revísao a UTC, quen o envía de novo ao ED para a súa aprobación polo CD. Implantar A implantación do SGC realízase segundo o que se recolle no Manual e no desenvolvemento dos procesos. É responsabilidade do ED co apoio da CP. Revisar e mellorar Anualmente, e tendo en conta as recomendacións da ACSUG nos seus informes, as debilidades e/ou oportunidades de mellora vinculadas coa implantación e o desenvolvemento do SGC, as accións de mellora propostas polas CAPD, as aportacións remitidas polos grupos de interese e os responsables de cada proceso, e os cambios da normativa vixente, a CP revisa se o SGC se está implantando adecuadamente, elabora o informe anual de resultados da EIDUDC e establece o plan anual de melloras da EIDUDC. De acordo cos criterios e directrices para o aseguramento da calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (European Standard Guidelines), as universidades deben dotarse dun procedemento documentado e controlado que regule e sistematice a realización de auditorías internas con carácter periódico ao SGC implantado. Para levar a cabo isto, anualmente, a VCMT aproba o plan anual de auditorías internas, por proposta da UTC, no que se inclúen as correspondentes aos centros que queren solicitar ou renovar a certificación da implantación do SGC ou renovar a acreditación institucional no curso seguinte. Este plan publícase na web da UTC e envíase aos centros implicados para o seu coñecemento. Estas auditorías internas avalían o cumprimento e o grao de implantación e mantemento do SGC, conforme cos requisitos da UDC e da ACSUG. Para iso, a UTC, garantindo a obxectividade e imparcialidade do proceso, constitúe un EA que está composto por persoas da UDC e/ou de fóra desta, que contan con formación e experiencia na avaliación e implantación de SGC. O EA, tras analizar as evidencias/indicadores e o informe anual de resultados da EIDUDC, elabora o informe de auditoría, que remite á UTC e ao ED. O ED envía ao CP para que implemente, de ser o caso, as melloras propostas. Actualizar En caso de que se produzan modificacións e/ou se elaboren procesos novos, a CP remite a documentación

actualizada á UTC para a súa revisión. Unha vez revisada, o ED envía a documentación ao CD para a súa aprobación.

No resumo de revisións do documento do SGC que se modifica, inclúese a nova edición e a motivación da modificación. Cada vez que se actualice a documentación do SGC, retírase a documentación obsoleta e publícase a nova documentación (<https://www.udc.es/gl/eid/calidade/>), tal como establece o *D05-P01. Información pública*. O ED garante que a documentación do SGC se mantén actualizada e está dispoñible para todos os grupos de interese.

A documentación obsoleta consérvase durante seis anos na aplicación informática. Calquera documento do SGC entra en vigor no momento da súa aprobación polo CD.

EVIDENCIAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
D01-P02-E01. Actas	CD CP	Cada vez que se reúne	Aplicación informática
D01-P02-E02. Documentos do SGC	CD	Cada vez que se modifique o SGC	Web EIDUDC Aplicación informática
D01-P02-E03. Informes de avaliación do deseño do SGC e da certificación da implantación	ACSUG	Cada vez que a ACSUG avalíe o SGC	Aplicación informática
D01-P02-E04. Certificado de avaliación do deseño e da implantación do SGC	ACSUG	Cada vez que a ACSUG avalíe o SGC	Web EIDUDC Aplicación informática
D01-P02-E05. Accións de mellora	CP	Cada vez que abra/revise unha acción de mellora	Aplicación informática
D01-P02-E06. Listado de evidencias da implantación do SGC	CP	Anualmente	Aplicación informática
D01-P02-E07. Informe de auditoría da EIDUDC	EA	Antes de solicitar/renovar a certificación da implantación do SGC ou de renovar a acreditación institucional	Aplicación informática
D01-P02-E08. Informe anual de resultados da EIDUDC	CP	Anualmente	Aplicación informática
D01-P02-E09. Plan de mellora da EIDUDC	CP	Anualmente	Aplicación informática
INDICADORES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
Non conta con indicadores asociados.			

D02-P01. Deseño, seguimento, modificación, acreditación e extinción dos Programas Oficiais de Doutoramento

	ÓRGANO	DATA
ELABORADO	Unidade Técnica de Calidade	26/04/2018
CONTEXTUALIZADO	Comisión Permanente da EIDUDC	04/05/2018
REVISADO	Unidade Técnica de Calidade	08/05/2018
APROBADO	Comité de Dirección da EIDUDC	10/05/2018

RESUMO DE REVISIÓNS		
EDICIÓN	DATA	MODIFICACIÓNS
01	10/05/2018	Edición inicial aprobada polo Comité de Dirección da EIDUDC.
02	16/11/2018	Modificacións realizadas en contestación ao primeiro informe da ACSUG do 15/10/2018.
03	31/07/2020	Modificacións realizadas en contestación ao segundo informe da ACSUG do 11/03/2019.
04	15/12/2023	Modificacións realizadas: – contestación ao informe final de avaliación do deseño do SGC da ACSUG do 15/12/2020. – adaptación á normativa vixente (Real Decreto 576/2023, Real Decreto 822/2021, Real Decreto 640/2021, Resolución do 3 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral de Universidades).

DENOMINACIÓN	D02-P01. DESEÑO, SEGUIMIENTO, MODIFICACIÓN, ACREDITACIÓN E EXTINCIÓN DOS PROGRAMAS OFICIAIS DE DOUTORAMENTO
OBXECTO	Establecer a sistemática para deseñar, aprobar, realizar o seguimento, modificar, renovar a acreditación e extinguir os Programas Oficiais de Doutoramento (POD) co fin de manter actualizada a oferta dos títulos da EIDUDC.
DEFINIÇÕES	Non conta con definicións asociadas.
RESPONSABLES	Consello de Ministros (CM) Consello de Universidades (CU) Departamento con Competencias en Materia de Universidades da Xunta de Galicia (DCMUXG) Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) Consello Social da UDC (CS) Consello de Goberno da UDC (CG) Equipo Reitoral (ER) Vicerreitoría con Competencias en Materia de Títulos (VCMT) Comisión Permanente da EIDUDC (CP) Equipo Directivo da EIDUDC (ED) Oficina de Doutoramento da EIDUDC (OD) Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) Unidade Técnica de Calidade (UTC) Persoas coordinadoras dos POD
DOCUMENTACIÓN	Ver anexo VI do Manual

DESENVOLVEMENTO

1. DESEÑO E MODIFICACIÓN DOS POD

A iniciativa de creación dun novo POD corresponde á UDC (en base á súa estratexia institucional, ás necesidades e expectativas dos grupos de interese detectadas a través de consultas internas e externas, e ao entorno socioeconómico) ou á iniciativa de un ou varios grupos de investigación. Por outra banda, as modificacións dun POD (tanto substanciais como non substanciais) corresponden á propia CAPD.

1.1. Proposta dun novo POD e modificación substancial dun POD existente

As novas propostas e as modificacións substanciais de PODs seguirán o procedemento e os prazos establecidos no **Calendario de novas propostas ou modificacións dos PODs** (<https://www.udc.gal/es/eid/programas/>), aprobado anualmente polo CG.

A proposta dun novo POD (tanto interuniversitario como só da UDC) formalízase a través da presentación na OD dunha declaración de intencións, que debe conter unha composición inicial da CAPD, información básica do POD e os datos da persoa responsable da iniciativa, que será a interlocutora coa EIDUDC e os demais órganos universitarios durante o proceso de valoración da proposta.

O ED procede á difusión desta declaración á comunidade universitaria (a través do correo electrónico e do apartado PROGRAMAS da web da EIDUDC) ao tempo que a remite á CP para que elabore un informe en termos de favorable ou desfavorable á creación do novo POD. Seguidamente, o ED remite ambos documentos (declaración de intencións e informe da CP) á VCMT para que o ER autorice ou non a proposta. Só se continúa co proceso se o ER autoriza a creación dun novo POD.

Tanto para iniciar un proceso de modificación substancial dun POD como para continuar coa proposta dun novo POD autorizada polo ER, a CAPD elabora a memoria de verificación (coa memoria económica e xustificativa dos requisitos do programa), utilizando os modelos estándar que a OD envía por correo electrónico á persoa responsable da proposta. No caso dun programa interuniversitario, as universidades participantes cobren o modelo de convenio (dispoñible en <https://www.udc.es/es/eid/programas/>). A CAPD remite a documentación do POD por correo electrónico á OD. O ED remítea á CP para que a revise e elabore un

informe que posteriormente remite á VCMT para que o ER autorice ou non a continuación da tramitación da proposta.

Se o ER autoriza a continuación da tramitación da proposta, a CAPD elabora a Memoria de verificación/modificación do POD, tendo en conta o informe da CP. Tal como establece o *D05-P01. Información pública*, dito documento publícase na web da EIDUDC (en <https://www.udc.es/es/eid/programas/>) e a VCMT remite un correo electrónico a toda a comunidade universitaria, informando da súa publicación e do prazo de presentación de alegacións na OD.

Finalizado dito prazo, o ED traslada as alegacións á CP, que elabora un informe sobre a Memoria de verificación/modificación do POD. O ED remite dito informe e as alegacións recibidas á CAPD para que proceda ao seu análise, realice os cambios oportunos e remita a memoria de verificación/modificación do POD actualizada á OD por correo electrónico para que a CP elabore o informe definitivo. No caso de POD interuniversitarios, para esta aprobación debe terse establecido o convenio de colaboración entre universidades para o desenvolvemento do título conxunto.

Se conta co informe favorable da CP, o ED remite a proposta á VCMT para que a someta á aprobación definitiva do CG e o CS. Posteriormente, a VCMT remite ao DCMUXG a solicitude de informe previo de envío a verificación ou modificación xunto coa documentación que establecen os artigos 4 e 5 do Decreto 222/2011. Unha vez estea completa a documentación, o DCMUXG emite un informe que pode ser favorable ou ben incluír recomendacións/suxestións. Neste último caso, a VCMT envía dito informe ao ED, que traslada á CAPD para que realice as modificacións correspondentes, de ser o caso. A VCMT remite novamente a documentación a dito departamento para a súa valoración definitiva.

Unha vez que a VCMT recibe o informe favorable, a persoa coordinadora do título incorpora a proposta definitiva na sede electrónica do Ministerio para a súa avaliación polo CU. No caso de que se detecten defectos ou desaxustes, a CAPD dispón dun prazo para corrixilos. O CU, tras comprobar que se axusta aos requisitos establecidos na normativa, remítella á ACSUG para que elabore o informe de avaliación.

A ACSUG elabora o informe provisional de verificación/modificación e remíteo á VCMT. Dito informe pode ser favorable ou condicionado á realización de melloras. Neste último caso, a CAPD, no prazo establecido pola ACSUG, analiza e leva a cabo as melloras propostas, se así o considera. A VCMT remite as alegacións e/ou melloras á ACSUG que, tras a súa análise, emite o informe final de verificación/modificación.

A ACSUG remite dito informe ao Consello de Universidades e ao Ministerio en materia de educación para a súa aprobación no CM no que se declara o carácter oficial do título e a súa inscrición no RUCT.

A UDC e a EIDUDC actualizan nas súas respectivas páxinas web o catálogo de POD que se imparten.

1.2. Modificación non substancial dun programa dun programa existente

As modificacións non substanciais dun POD fanse de acordo co **Procedemento para a tramitación de modificacións non substanciais dos PODs** (<https://www.udc.es/gl/eid/calidade/>). A tal fin, a CAPD elabora unha proposta cubrindo o Formulario de solicitude de modificacións non substanciais para PODs (<https://www.udc.es/gl/eid/calidade/>), que remite por correo electrónico á OD.

O ED remite esta proposta á CP, que elabora un informe preceptivo e vinculante. De ser favorable, o ED traslada a proposta e dito informe á VCMT para a súa aprobación polo CG. Unha vez aprobada en CG, a VCMT remite a proposta á ACSUG. Unha vez aceptada a proposta de modificación pola ACSUG, a persoa coordinadora do POD incorpora as modificacións á memoria do título a través da aplicación do Ministerio.

2. SEGUIMIENTO E RENOVACIÓN DE ACREDITACIÓN

Tras a súa verificación e implantación, o POD debe realizar o seu seguimento anual. En cambio, a renovación da acreditación dun POD deberá producirse no prazo máximo de seis anos, a contar desde a data de verificación do POD ou da renovación da acreditación anterior. A decisión de non presentar un POD á renovación de acreditación estará causada pola súa extinción, de acordo co establecido no apartado 3. EXTINCIÓN/SUPRESIÓN deste proceso.

Anualmente, o ED, en colaboración coa UTC, segundo os prazos da ACSUG, planifica os procesos de seguimento e renovación da acreditación, dos que informa á CP nas súas reunións ordinarias. Desta planificación, o ED informa por correo electrónico ás persoas coordinadoras dos POD.

De ser o caso, a VCMT solicita a renovación da acreditación dun título na aplicación do Ministerio.

A persoa coordinadora do POD revisa que as evidencias e os indicadores do SGC (referidos ao último curso académico, no caso do seguimento; e dos 6 anos anteriores, no caso da renovación da acreditación) están dispoñibles na aplicación informática e que a información pública do título está completa e actualizada na páxina web institucional do POD.

A CAPD, en base a ditas evidencias e indicadores e tendo en conta as recomendacións dos informes previos da ACSUG (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación), elabora o informe de seguimento anual/renovación da acreditación. Para iso, analiza o cumprimento do establecido na memoria vixente do título, identifica boas prácticas e posibles oportunidades de mellora e/ou desviacións, establece accións de mellora, se é o caso, e revisa o grao de cumprimento das establecidas en seguimentos anteriores.

Dita análise determina se é preciso realizar modificacións substanciais ou non substancias, ou a reverificación da memoria. Se ditas melloras implican cambios na memoria vixente do POD, procédese tal como establece o apartado 1. DESEÑO E MODIFICACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO deste proceso. A CAPD remite dito informe de seguimento anual/renovación da acreditación e o plan de mellora á CP para a súa aprobación e para a análise conxunta a nivel de centro. Unha vez aprobados, a persoa coordinadora do POD incorpora estes documentos na aplicación informática da ACSUG.

Nos títulos interuniversitarios nos que a responsable administrativa é unha universidade distinta á UDC, procédese de acordo co calendario e os procedementos establecidos pola universidade responsable. A persoa coordinadora do programa na UDC, co apoio do ED, enviará a dita universidade a documentación solicitada.

3. EXTINCIÓN/SUPRESIÓN.

No caso de que se acorde a extinción/supresión dun POD por algunha das causas recollidas na normativa vixente relativa á extinción de títulos oficiais, a nivel estatal, autonómica e da UDC, a UDC non admite a matrícula de estudantes de novo ingreso, pero garante os dereitos adquiridos polo alumnado xa matriculado de acordo coa súa normativa.

A tal fin, a CAPD prosigue nas súas funcións mentres o POD teña estudantes matriculados, co fin de garantir que estes continúen os seus estudos de doutoramento ata a súa finalización de acordo coa normativa.

EVIDENCIAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
D02-P01-E01. Actas	CG CP CS CAPD	Cada vez que se reúne	Aplicación informática
D02-P01-E02. Declaración de intencións	Persoa coordinadora do POD	Cando se produza unha verificación da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E03. Informe sobre a declaración de intencións	CP	Cando se produza unha verificación da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E04. Proposta inicial do POD (memoria económica e xustificativa dos requisitos do POD)	CAPD	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E05. Informe sobre a proposta inicial	CP	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E06. Memoria de verificación/modificación do POD e actualización da proposta inicial	CAPD	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E07. Alegacións á memoria verificación/modificación do POD	Comunidade Universitaria	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática

D02-P01-E08. Informe inicial	CP	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E09. Actualización da memoria de verificación/modificación do POD e actualización da proposta inicial	CAPD	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E10. Informe definitivo	CP	Cando se produza unha verificación ou modificación da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E11. Informe previo de envío a verificación ou modificación	DCMUXG	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E12. Proposta definitiva do POD	CAPD	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Sede Electrónica do Ministerio
D02-P01-E13. Informe provisional de verificación/modificación do POD	ACSUG	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E14. Informe final de verificación/modificación do POD	ACSUG	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E15. Informe de verificación/modificación do POD	CM	Cando se produza unha verificación ou modificación substancial da memoria	Aplicación informática
D02-P01-E16. Memoria do POD	CAPD	Cando se produza unha verificación ou modificación da memoria	Sede Electrónica do Ministerio
D02-P01-E17. Oferta dos POD	UDC EIDUDC	Anualmente	Web UDC Web EIDUDC
D02-P01-E18. Informe de seguimento anual/renovación da acreditación	CAPD	Seguimento (anual)/renovación da acreditación (cada 6 anos)	Aplicación informática
D02-P01-E19. Informes externos de seguimento e renovación da acreditación	ACSUG	Cando se realice unha avaliación da ACSUG	Aplicación informática
D02-P01-E20. Expedientes de extinción/supresión de títulos	UDC	En caso de extinción ou supresión dun título	OD
D02-P01-E21. Conclusións dos procedementos de consulta internos e externos	CAPD	Anualmente	Aplicación informática
D02-P01-E22. Accións de mellora	CAPD	Anualmente	Aplicación informática
INDICADORES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
Non conta con indicadores asociados.			

D03-P01. Perfil de ingreso, captación, selección e admisión

	ÓRGANO	DATA
ELABORADO	Unidade Técnica de Calidade	26/04/2018
CONTEXTUALIZADO	Comisión Permanente da EIDUDC	04/05/2018
REVISADO	Unidade Técnica de Calidade	08/05/2018
APROBADO	Comité de Dirección da EIDUDC	10/05/2018

RESUMO DE REVISIÓNS		
EDICIÓN	DATA	MODIFICACIÓNS
01	10/05/2018	Edición inicial aprobada polo Comité de Dirección da EIDUDC.
02	16/11/2018	Modificacións realizadas en contestación ao primeiro informe da ACSUG do 15/10/2018.
03	31/07/2020	Modificacións realizadas en contestación ao segundo informe da ACSUG do 11/03/2019.
04	15/12/2023	Modificacións realizadas en contestación ao informe final de avaliación do deseño do SGC da ACSUG do 15/12/2020.

DENOMINACIÓN D03-P01. PERFIL DE INGRESO, CAPTACIÓN, SELECCIÓN E ADMISIÓN	
OBXECTO	Establecer a sistemática para definir o perfil real de ingreso para elaborar, aprobar, desenvolver e actualizar as accións de captación do alumnado acorde co perfil definido e a oferta de Programas Oficiais de Doutoramento, e para seleccionar e admitir ao alumnado.
DEFINICIÓNS	Perfil de ingreso: descrición das características desexables do alumnado de novo ingreso en termos de coñecementos, habilidades e actitudes favorables para cursar e terminar con éxito os estudos. Perfil real de ingreso: descrición das características reais do alumnado matriculado por primeira vez no Programa Oficial de Doutoramento (POD), en termos de coñecementos, habilidades e actitudes.
RESPONSABLES	Reitor/a Consello de Goberno da UDC (CG) Vicerreitoría con Competencias en Materia de Títulos (VCMT) Comisión Permanente da EIDUDC (CP) Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) Equipo Directivo da EIDUDC (ED) Oficina de Doutoramento da EIDUDC (OD) Administración do Centro de apoio ao programa (AC) Alumnado
DOCUMENTACIÓN	Ver anexo VI do Manual
DESENVOLVEMENTO	A memoria vixente de cada POD define o perfil de ingreso que debe ter o seu alumnado. Non obstante, a CAPD, unha vez realizada a matrícula do alumnado de novo ingreso, analiza a súa formación previa e elabora o perfil real de ingreso, que revisa e actualiza anualmente, de ser o caso. Considerando os datos de oferta, demanda e perfil de ingreso, a CAPD identifica as necesidades de promoción do POD e elabora as accións de captación do alumnado. A tal fin, a VCMT, á proposta do ED, dota aos POD cunha axuda anual que se concede no primeiro trimestre de cada ano para, entre outros conceptos, financiar a difusión e a publicidade do título. A VCMT comunica esta concesión por correo electrónico ás persoas coordinadoras dos POD. Antes do inicio de cada curso académico, o ED elabora a Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento (que inclúe o Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento) e a remite á CP para a súa análise e aprobación. O ED remite a convocatoria aprobada pola CP á VCMT, para a súa aprobación definitiva polo CG e a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (https://sede.udc.gal/) e na web da EIDUDC (https://www.udc.es/es/eid/admision/). Por correo electrónico, o ED informa desta publicación ás persoas coordinadoras dos POD e ás AC, tal como establece o D05-P01. <i>Información pública</i> De acordo co Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento, o alumnado solicita na Secretaría Virtual do Estudante a admisión nun POD dirixida á CAPD. Dita solicitude, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso e admisión, preséntaa na AC do POD, que lla remite á CAPD para a súa revisión. A CAPD revisa as solicitudes e a documentación acreditativa, comproba que compren os requisitos de acceso e de admisión ao POD, e elabora a lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas (especificando o motivo da exclusión), que inclúe a lista de agarda, de ser o caso. Esta lista provisional é publicada pola AC no seu taboleiro de anuncios, e polo centro ao que está adscrito o POD na súa páxina web. En caso de disconformidade, as persoas solicitantes poden presentar na AC reclamación dirixida á CAPD. A AC remite as reclamacións á CAPD, que as revisa e elabora a lista definitiva de solicitudes admitidas e

excluídas, que se publica tal como se establece no parágrafo anterior.

A CAPD pode condicionar a admisión do alumnado á superación de complementos de formación específicos. Esta condición incorpórase na Secretaría Virtual do Estudante (no apartado **Complementos de Formación**) para o control e seguimento da CAPD.

O alumnado estranxeiro debe acompañar a solicitude de admisión no POD cunha solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros dirixida ao/á reitor/a e a documentación que figura na convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento. En resposta a esta solicitude, a CAPD emite un informe sobre a adecuación académica dos estudos cursados e a posibilidade de acceso aos estudos de doutoramento. A admisión deste alumnado estará condicionada á obtención da resolución de equivalencia polo/a reitor/a.

A AC ao que está adscrito o POD introduce na aplicación informática de xestión dos estudos de doutoramento os datos das persoas admitidas e envía á OD a documentación acreditativa presentada polo alumnado admitido, debidamente cotexada.

Anualmente, a CAPD analiza a eficacia das actuacións realizadas para a captación de alumnado cun perfil real de ingreso igual que o perfil de ingreso que recolle a memoria, e os resultados de admisión no POD; establece accións de mellora, de ser o caso; e remite a información correspondente á CP para a súa análise conxunta a nivel de centro.

EVIDENCIAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
D03-P01-E01. Actas	CG CP CAPD	Cada vez que se reúne a comisión	Aplicación informática
D03-P01-E02. Perfil real de ingreso	CAPD	Anualmente	Aplicación informática
D03-P01-E03. Accións de captación do estudantado	CAPD	Anualmente	Aplicación informática
D03-P01-E04. Concesión anual de axudas ao POD	VCMT	Primeiro trimestre	VCMT
D03-P01-E05. Solicitudes de admisión	Alumnado	Anualmente	Secretaría Virtual do Estudante AC
D03-P01-E06. Lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas	CAPD	Anualmente	Taboleiro de anuncios AC WEB centro ao que está adscrito o POD
D03-P01-E07. Lista de agarda de solicitudes	CAPD	Anualmente	Taboleiro de anuncios AC WEB centro ao que está adscrito o POD
D03-P01-E08. Reclamacións a lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas	Alumnado	En caso de disconformidade	AC
D03-P01-E09. Lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas	CAPD	Anualmente	Taboleiro de anuncios AC WEB centro ao que está adscrito o POD

D03-P01-E10. Informe de complementos de formación específicos	CAPD	Cando se produza unha solicitude	Secretaría Virtual do Estudante
D03-P01-E11. Solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros	Alumnado	Cando se produza unha solicitude	AC
D03-P01-E12. Informe sobre a adecuación académica dos estudos cursados e da posibilidade de acceso aos estudos de doutoramento	CAPD	Cando se produza unha solicitude	Secretaría Virtual do Estudante
D03-P01-E13. Resolución de equivalencia	Reitor/a	Cando se produza unha solicitude	OD
D03-P01-E14 Informe favorable de admisión pola vía de adaptación	CAPD	Cando se produza unha solicitude	OD
D03-P01-E15. Accións de mellora	CAPD	Anualmente	Aplicación informática
INDICADORES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
D03-P01-I01. Número de prazas ofertadas por curso académico (Taxa de ocupación)	SIC	Anualmente	Aplicación informática
D03-P01-I02. Demanda do POD por curso académico (Taxa de demanda)	SIC	Anualmente	Aplicación informática
D03-P01-I03. Porcentaxe de estudantes segundo o perfil de ingreso no POD por curso académico	SIC	Anualmente	Aplicación informática
D03-P01-I04. Porcentaxe de estudantes de novo ingreso no POD que requiren complementos formativos por curso académico	SIC	Anualmente	Aplicación informática

D03-P02. Planificación e desenvolvemento das ensinanzas

	ÓRGANO	DATA
ELABORADO	Unidade Técnica de Calidade	26/04/2018
CONTEXTUALIZADO	Comisión Permanente da EIDUDC	04/05/2018
REVISADO	Unidade Técnica de Calidade	08/05/2018
APROBADO	Comité de Dirección da EIDUDC	10/05/2018

RESUMO DE REVISIÓNS		
EDICIÓN	DATA	MODIFICACIÓNS
01	10/05/2018	Edición inicial aprobada polo Comité de Dirección da EIDUDC.
02	16/11/2018	Modificacións realizadas en contestación ao primeiro informe da ACSUG do 15/10/2018.
03	31/07/2020	Modificacións realizadas en contestación ao segundo informe da ACSUG do 11/03/2019.
04	15/12/2023	Modificacións realizadas: – contestación ao informe final de avaliación do deseño do SGC da ACSUG do 15/12/2020. – adaptación ao Real Decreto 576/2023.

DENOMINACIÓN	D03-P02. PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS
OBXECTO	Establecer a sistemática para garantir que os Programas Oficiais de Doutoramento (POD) se desenvolven segundo o planificado.
DEFINIÇÕES	Non conta con definicións asociadas
RESPONSABLES	Comisión Permanente da EIDUDC (CP) Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) Oficina de Doutoramento da EIDUDC (OD) Administración do Centro de apoio ao programa (AC) Alumnado Director/a de tese de doutoramento Titor/a de tese de doutoramento Membros do tribunal de tese de doutoramento (Presidente/a, secretario/a, vogais)
DOCUMENTACIÓN	Ver anexo VI do Manual

DESENVOLVEMENTO

Matrícula nos estudos de doutoramento

Cada curso académico, nos prazos do *Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento* (incluído na *Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento*, <https://www.udc.es/es/eid/admision/>), o alumnado realiza a matrícula a través da Secretaría Virtual do Estudiante e paga as taxas correspondentes. Ademais, o alumnado de novo ingreso paga, de ser o caso, os complementos de formación do POD acordados pola CAPD no proceso de admisión e, durante o proceso de matrícula, le e valida o Compromiso de Supervisión (<https://www.udc.es/eid/teses/>).

O alumnado de continuación de estudos, se non realiza a matrícula, causa baixa no POD no que estivo matriculado/a o curso anterior e non pode solicitar unha nova admisión neste ata que transcorran dous cursos académicos, ni en outro POD ata o curso académico seguinte.

O alumnado pode solicitar o cambio da dedicación de tempo completo a tempo parcial e viceversa. Para iso, presenta na AC unha solicitude acompañada da documentación acreditativa de que cumpre algunha das causas xustificativas recollidas no Regulamento de Estudos de Doutoramento. A AC remite dita solicitude á CAPD para a súa aprobación. Unha vez aprobada, a AC remítea á OD para a súa verificación e aprobación definitiva pola CP. Tras isto, a OD incorpora o cambio na Secretaría Virtual do Estudiante.

O alumnado tamén pode solicitar a baixa temporal nun POD. O proceso de tramitación e aprobación desta solicitude é o mesmo que o da solicitude de cambio de dedicación.

Asignación de titor ou titora e de director e/ou directora de tese

Os requisitos para poder ser director/a e titor/a de tese están recollidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (<https://www.udc.gal/es/eid/normativa/>). A CAPD asigna unha persoa titora a cada estudante e, no prazo máximo de 3 meses, unha dirección de tese. O alumnado pode solicitar a modificación de ditas asignacións presentando na AC un escrito motivado dirixido á CAPD, que valora dita solicitude e, se o estima oportuno, asigna unha nova persoa titora e/ou unha nova dirección de tese.

Plan de Investigación, Plan de Formación e Documento de Actividades

O Plan de Investigación, o Plan de Formación e o Documento de Actividades xestiónanse a través da Secretaría Virtual do Estudiante e do PDI, segundo os prazos establecidos anualmente no *Calendario académico dos estudos de doutoramento* (<https://www.udc.es/es/eid/admision/>).

Antes da finalización do primeiro ano, o alumnado de novo ingreso debe presentar un documento que inclúa un Plan de Investigación e un Plan de Formación Persoal, que é informado pola dirección da tese ou, no seu caso, pola persoa titora, e aprobado pola CAPD. En caso de que non o presente ou a CAPD non o aprobe

(por non axustarse á normativa ou aos prazos establecidos), o/a estudante causa baixa no POD.

Tanto o plan de investigación como o de formación poderán mellorarse e detallarse ao longo da permanencia do/a estudante no POD. Estes cambios deben estar avalados pola dirección e persoa titora da tese. Tales modificacións teñen que ser aprobadas pola CAPD.

O alumnado de continuación de estudos introduce no Documento de Actividades da súa Secretaría Virtual as actividades realizadas e entrega na AC a documentación acreditativa. A dirección de tese ou, no seu caso, a persoa titora, avala e aproba na Secretaría Virtual ditas actividades e, unha vez comprobada a veracidade da súa documentación acreditativa, a AC válidaas.

Cando a dirección de tese recae en máis dunha persoa, só unha delas xestiona a aplicación (perfil autorizado). A elección do perfil autorizado é acordada pola dirección de tese ou, de ser o caso, pola CAPD, recaendo entón na persoa titora (asume o papel de xestor na aplicación informática do plan de investigación e o documento de actividades).

O Plan de Investigación e o Documento de Actividades son avaliados anualmente pola CAPD, que determina se o/a estudante realizou un traballo de tese axustado ao Plan de Investigación e un número e tipo adecuado de actividades formativas. De obter unha avaliación anual negativa debidamente motivada, o Plan de Investigación e/ou o Documento de Actividades son avaliados de novo no prazo de seis meses, seguindo o mesmo proceso (primeiro: avaliación previa da dirección de tese ou, no seu caso, do/da titor/a; despois: avaliación da CAPD). De producirse outra avaliación negativa, o/a estudante causa baixa definitiva no POD.

Duración dos estudos de doutoramento

Para cada estudante, a duración dos estudos de doutoramento cóntase desde a primeira matrícula no POD ata a presentación da solicitude do depósito da tese.

Segundo o documento *Prórroga de estudos de doutoramento* (<https://www.udc.es/gl/eid/admission/>), o/a estudante solicita a prórroga de estudos á CAPD que, para a súa aprobación, debe contar co informe favorable da dirección da tese e da persoa titora da tese a través da Secretaría Virtual.

Desenvolvemento, presentación e defensa da tese

Autorización da defensa da tese

Rematada a tese, o/a estudante presenta na AC a solicitude de autorización de inicio de trámites para a súa defensa e a documentación que establece o Regulamento de Estudos de Doutoramento. De ser autorizada, a CAPD elabora a proposta de tribunal e, a través da AC, remite toda a documentación da tese á OD.

Unha vez que a documentación da tese está completa e correcta, a OD comunica por correo electrónico a centros, departamentos e ACs, para a difusión entre o PDI, que se abre un período de exposición pública da tese no que calquera PDI doutor/a pode examinala e presentar na OD as alegacións que estime oportunas. Finalizado dito período, a CP analiza as alegacións recibidas e acorda a aprobación ou denegación da continuación dos trámites da defensa da tese e, se procede, aproba o tribunal.

Durante todo este proceso, a OD informa sobre o *Estado da tramitación da tese para a súa defensa* a través da súa web (<https://www.udc.gal/es/teses/?enTramite=true>), indicando se está no período de depósito e exposición pública e, unha vez superado, se está autorizada definitivamente para a súa defensa.

Mencións no título de doutor ou doutora

En caso de que o/a doutor/a solicite a mención internacional ou realice a tese en cotutela, a CP comproba co apoio da OD a documentación acreditativa remitida pola CAPD a través da AC.

Para a concesión da mención Industrial, séguese o *Procedemento para outorgar a mención Doutoramento Industrial no título de Doutor/a* (<https://www.udc.es/es/eid/normativa/>), aprobado polo CD á proposta da CP.

Constitución do tribunal

A OD comunica o nomeamento do tribunal por correo electrónico a: estudante, directores/as da tese, persoa coordinadora do POD, AC, Director/a de Escola/Instituto ou Decano/a da Facultade á que pertence a AC, e membros titulares e suplentes do tribunal. Por outra parte, AC envía a cada membro do tribunal titular un exemplar da tese (en versión dixital, salvo que algún deles solicite o exemplar en papel) e o curriculum vitae actualizado do/a estudante para que cada membro emita un informe a través da aplicación informática de

xestión dos estudos de doutoramento. Unha vez recibidos os informes favorables de todos os membros, o/a Presidente/a da CP autoriza a defensa da tese e a OD comunica esta autorización por correo ordinario a: Presidente/a do tribunal, AC e Decano/a ou Director/a do centro ao que pertence a AC.

Antes do acto de defensa, o/a presidente/a do tribunal, ou o/a secretario/a do tribunal por orde deste/a, comunica aos membros do tribunal e á OD o día, o lugar e a hora do acto de defensa, que se realiza en sesión pública e en días lectivos. A OD publica esta información na web da EIDUDC.

Acto público de defensa da tese

O prazo para a defensa da tese é de 3 meses desde que os/as membros do tribunal reciben a documentación.

A defensa da tese realízase de acordo co *Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC* e coas *Recomendacións para o acto de defensa da tese de doutoramento* (<https://www.udc.gal/gl/eid/normativa/>).

Finalizada a sesión de cualificación da tese, o tribunal comeza a sesión para a emisión do voto secreto para a concesión da mención cum laude, segundo se establece no procedemento para a emisión e o recento dos votos para obter dita mención, aprobado pola CP e publicado na web da EIDUDC (<https://www.udc.gal/es/eid/teses/cumlaude/index.html>).

Tras o acto de exposición e defensa da tese, o/a secretario/a do tribunal entrega a documentación de dito acto na OD. En caso de que o/a secretario/a non sexa PDI da UDC, o tribunal delega dita entrega nun PDI da UDC.

Solicitud do título de doutor ou doutora

A solicitude do título de doutora ou doutor preséntaa a persoa interesada na propia OD ou a través do correo electrónico á OD. Antes da expedición do título, a OD entrégalle unha certificación supletoria provisional asinada polo/a reitor/a (cunha validez de un ano desde a súa data de emisión), que inclúe os datos esenciais que deben figurar no título correspondente e o número de rexistro nacional de titulados universitarios oficiais.

Para os programas *Erasmus Mundus* e títulos conxuntos, procédese segundo o disposto nos convenios e acordos establecidos e a lexislación estatal en materia destes títulos.

O título de doutor/a do alumnado estranxeiro ten todos os efectos que lles outorga a lexislación vixente.

Premios extraordinarios de doutoramento

Cada curso académico, a solicitude e a concesión destes premios se realiza de acordo coa *Convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento* (https://www.udc.es/gl/eid/premios_extraordinarios/).

Anualmente, a CAPD analiza o cumprimento das actividades de planificación e de desenvolvemento do ensino, establece o perfil real de egreso e propón as accións de mellora oportunas, de ser o caso.

A CAPD remite esa información á CP para a súa análise conxunta a nivel de centro.

EVIDENCIAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	LUGAR
D03-P02-E01. Actas	CP CAPD	Cada vez que se reúne	Aplicación informática
D03-P02-E02. Matrícula	Alumnado	Ao principio de cada curso académico	Secretaría Virtual do Estudiante
D03-P02-E03. Compromiso de supervisión	Alumnado	Primeiro curso académico	Secretaría Virtual do Estudiante
